

PROGRAMACIÓN INGLÉS

SEXTO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

CURSO 2021- 2022

MESTRE: MANUEL PÉREZ CASAIS

TÁBOA DE CONTIDOS

1. Intrdución e contextualización.....	p. 4
2. Contribución ao desenvolvemento das Competencias Clave.....	p. 5
3. Concreción dos obxectivos para o curso	p. 8
4. Concreción para cada estándar: temporalización, grao mínimo de consecución para superar a materia, procedementos e instrumentos de avaliación e competencias clave de cada estándar	p. 9
5. Concrecións metodolóxicas	p. 44
6. Materiais e recursos dicácticos	p. 46
7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado	p. 46
8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.....	p. 49
9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados	p. 51
10. Medidas de atención á diversidade.....	p. 51

11. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso	p. 52
12. Actividades extraescolares e complementarias	p. 53
13. Aplicación dos plans e proxectos do centro	p. 53
14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación aos resultados académicos e procesos de mellora	p. 55
15. Medidas excepcionais	p. 56

1. Introducción e contextualización

Esta programación será levada a cabo co alumnado de 6º de Educación Primaria do CEIP de Carnota e impartida polo mestre Manuel Pérez Casais.

As esixencias e necesidades na sociedade do século XXI propiciaron axustes no ámbito escolar, preparando os alumnos e alumnas para vivir nun mundo progresivamente máis internacional, multicultural e plurilingüe ao tempo que tecnolóxicamente máis avanzado.

O noso país atópase comprometido como membro da Unión Europea no fomento do coñecemento doutras linguas comunitarias, tal como se recolle nun dos obxectivos da Estratexia de Lisboa. Pola súa banda, o Consello de Europa no Marco de Referencia Común Europeo para a aprendizaxe de linguas estranxeiras, establece directrices tanto para a aprendizaxe de linguas coma para a valoración da competencia nas diferentes linguas dun falante. Estas pautas foron un referente clave para a elaboración do currículo da área.

O obxectivo é que os nosos alumnos e alumnas adquiran competencia comunicativa en inglés a través de actividades lúdicas e motivadoras, que ao tempo sexan efectivas para a aprendizaxe. Facendo estas actividades eles usan a lingua para obter información, expresar a súa opinión persoal e relacionarse de forma natural. Trátase de potenciar a habilidade do alumnado para percibir o coñecemento dunha lingua estranxeira non só como unha materia máis, senón como o reflexo dun mundo externo do que todos formamos parte. Preténdese, na medida do posíbel, globalizar as experiencias sen esquecer a etapa concreta de aprendizaxe en que se atopan os alumnos.

A presente programación vai dirixida a alumnado de sexto de Educación Primaria, e foi elaborada tomando como referente principal as directrices legais curriculares establecidas na LOMCE (Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro), no Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no proxecto curricular de etapa do centro ó que vai dirixida.

Esta programación está contextualizada no CEIP de Carnota, que se atopa situado na localidade do seu mesmo nome, comarca de Muros e pertencente á provincia de A Coruña. A súa economía está caracterizada por un baixo desenvolvemento global cun claro predominio da actividade pesqueira, un alto grado de emigración no pasado e incluso no presente e a debilidade nos sectores industrial e turístico. Os novos avances en pesca non extractiva, o crecente aproveitamento da enerxía eólica e o incremento do turismo rural e de costa poderían cambiar esta situación no futuro.

2. Contribución ao desenvolvemento das competencias clave

A incorporación de competencias básicas ao Currículo permite poñer o acento naquelas aprendizaxes que se consideren imprescindibles. Son aquelas competencias que debe ter desenvolvido un rapaz ou unha rapaza ao finalizar o ensino obrigatorio para poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser quen de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida.

A inclusión das competencias básicas no Currículo ten varias finalidades:

- integrar as diferentes aprendizaxes.
- relacionar a aprendizaxe con distintos tipos de contidos e utilzalos de maneira efectiva cando resulten necesarios.
- orientar o ensino para tomar decisións relativas ao proceso do ensino e da aprendizaxe.

Coas áreas e materias do Currículo acádanse os obxectivos educativos e adquirense as competencias básicas. Cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e pola súa vez cada unha das competencias básicas se acadará como consecuencia do traballo en varias áreas ou materias. No marco da proposta realizada pola Unión Europea, e de acordo coas consideracións que se acaban de expoñer, identificáronse sete competencias básicas ou clave:

1. Comunicación lingüística(CCL)
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
3. Competencia dixital (CD)

4. Aprender a aprender (CAA)
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

A aprendizaxe da área de lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento das competencias clave:

1. Competencia en comunicación lingüística utilizando a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita que se desenvolverá a través de actividades de comprensión oral, construción de vocabulario e coñecementos básicos de fonética.

2. Competencia de aprender a aprender; en todas las unidades do proxecto os nenos desenvolven destrezas e aprenderán estratexias e habilidades que lles servirán para a aprendizaxe posterior en todos os ámbitos de coñecemento como a observación visual e auditiva, a memoria a través da repetición, a concentración e a reflexión no traballo, a capacidade de elixir e opinar por eles mesmos, a organización e o método a través das rutinas, a disciplina e os hábitos de estudo para a consecución das metas e logros, etc.

Todos alumnos dispoñen dun compoñente novo, o *Study Skills Book e Progress Booklet*, que os axuda a desenvolver este aspecto das competencias clave.

3. Competencia en ciencia e tecnoloxía, matemática e dixital, dispoñendo de habilidades como buscar, obter, procesar e comunicar información. Para iso dispónse en todas as unidades das seccións correspondentes de:

- Pupil's MultiROM *Surprise!* que contén todas as cancións, raps e trabalinguas do curso, así como xogos e actividades interactivas organizadas para axudar a repasar vocabulario e practicar a comprensión oral e escrita para repasar na súa casa.
- Cds que conteñen a gravación de todas as cancións, raps, trabalinguas, historias e actividades de comprensión oral para traballar na aula.
- DVD que contén versións animadas das historias do curso, rimas tradicionais, cancións e diálogos sinxelos, así como escenas de nenos/as británicos/as mostrando diferentes aspectos da súa cultura.

- Páxina web e recursos online como aula virtual, recursos propios do libro de texto ou actividades de institucións como British Council ou BBC Learning.

4. Competencias sociais, cívicas e de iniciativa.

A aprendizaxe dunha lingua implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados aos falantes destas. Todos os contos e situacións do libro fan referencia a diferentes aspectos sociais.

Ademais os alumnos aprenderán cousas sobre temas relacionados con outras materias (tema interdisciplinario) e falarán delas en inglés.

5. Competencia da conciencia e expresións culturais.

No noso proxecto os nenos/as traballan esta competencia a través de las producións lingüísticas que utilizamos e que conteñen un compoñente cultural.

3. Concreción dos obxectivos para o curso

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

<p>participacións orais como nas imitacións, recitacións e dramatizacións.</p>	<p>básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.</p> <p>B1.3. Utilizar as indicacións do contexto e da información contida no texto para facerse unha idea dos significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.</p> <p>B1.4. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e recoñecer os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.</p>	<p>PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).</p> <p>PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).</p> <p>PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.</p>	<p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CAA CSC</p>	
--	---	---	---	--

			<p>PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.</p> <p>PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes</p>	<p>CCL CAA CSC</p> <p>CAA</p>	
--	--	--	---	---------------------------------------	--

coñecidos ou
coñecidas sobre
temas cotiás (por
exemplo, o que lles
gusta facer no seu
tempo libre) ou nos
que se informa sobre
actividades de lecer
(teatro, cinema, etc.)

CCL
CAA

--	--	--	--	--	--

BLOQUE 2: PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS

OBX.	CONTIDOS	CA	EA	CC	MINIMOS ESIXIBLES
b f i	<p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. - Execución - Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e 	<p>B2.1. Participar de maneira simple e comprensible en conversas moi breves que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares (un mesmo, a contorna inmediata, persoas, lugares, obxectos e actividades, gustos</p>	<p>PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais</p>	<p>CCL CAA</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a lingua estranxeira para falar sobre si mesmo, as súas pertenzas, a súa familia, o seu entorno, temas que lle interesan... - Comprende palabras e frases previamente traballadas na clase.

	<p>axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. <p>Lingüísticos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. <p>Paralingüísticos e paratextuais</p> <ul style="list-style-type: none"> - Pedir axuda. - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica). 	<p>e opinións), nun rexistro neutro ou informal, utilizando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa moi clara, sexan evidentes as pausas e titubeos e sexa necesaria a repetición, a paráfrase e a cooperación da persoa interlocutora para manter a comunicación.</p> <p>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos moi breves e sinxelos, utilizando, p. e., fórmulas e linguaxe prefabricado ou expresións memorizadas, ou</p>	<p>actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.</p>		<ul style="list-style-type: none"> - Reproduce con corrección aspectos básicos de pronunciación, ritmo, acentuación e entoación de frases.
--	--	---	--	--	---

- Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais.

B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas.

apoiando con xestos o que se quere expresar.

B2.3. Articular, de maneira polo xeral comprensible pero con evidente influencia da primeira ou outras linguas, un repertorio moi limitado de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, adaptándoos á función comunicativa que se quere levar a cabo.

B2.4. Facerse entender en intervencións breves e sinxelas, aínda que resulten evidentes e frecuentes os titubeos iniciais, as vacilacións, as repeticións e as pausas para organizar, corrixir ou reformular o que se quere dicir.

B2.5. Interactuar de maneira moi

		básica, utilizando técnicas moi simples, lingüísticas ou non verbais (p. e. xestos ou contacto físico) para iniciar, manter ou concluír unha breve conversa.			
--	--	--	--	--	--

BLOQUE 3: COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBX.	CONTIDOS	CA	EA	CC
b f i	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p>	<p>B3.1. Identificar o tema, o sentido xeral, as ideas principais e información específica en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, moi breves e sinxelos, en lingua estándar e cun léxico de alta frecuencia, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, cotiáns ou de necesidade inmediata, a condición de que se poida reler o que non se entendeu, que se poida consultar un dicionario e conte con apoio visual e contextual.</p> <p>B3.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias básicas</p>	<p>PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.</p> <p>PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.</p> <p>PLEB3.3. Comprende</p>	<p>CCL CAA</p> <p>CCL CAA</p>

B3.3. Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans.
- Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

B3.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía.

máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial ou os puntos principais do texto.

B3.3. Inferir do contexto e da información contida no texto os significados probables de palabras e expresións que se descoñecen.

B3.4. Recoñecer os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £), e identificar os significados e intencións comunicativas xerais relacionados con estes.

correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.

PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).

PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).

PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).

CCL
CAA

CCL
CAA

CCL

CAA
CCL

BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS

OBX.	CONTIDOS	CA	EA	CC	MINIMOS ESIXIBLES
b f i	<p>B4.1 Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: - Mobilizar e coordinar as propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.). - Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.). - Execución: - Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer 	<p>B4.1. Construír, en papel ou en soporte electrónico, textos moi curtos e sinxelos, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro ou informal, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas básicas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p>	<p>PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).</p> <p>PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas,</p>	<p>CCL CD CAA</p> <p>CCL CD CAA CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Comprende palabras e frases previamente traballadas na clase. - Recoñece ideas xerais de textos adecuados a súa idade. - Extrae información específica en textos adecuados a súa idade. - Elabora diferentes tipos de textos (cartas, diarios, descrições, narracións breves...) sobre temas

	<p>concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). <p>B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía. 	<p>B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas para producir textos escritos moi breves e sinxelos, p. e. copiando palabras e frases moi usuais para realizar as funcións comunicativas que se perseguen.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras ou frases curtas que se utilizan normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p> <p>B4.8. Facer uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente.</p> <p>B4.8. Usar correctamente o dicionario bilingüe, biblioteca de aula e</p>	<p>afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.</p>	<p>variados e do seu interese.</p>
--	---	--	--	------------------------------------

		outros materiais de consulta para a elaboración de textos, respectando as súas normas de funcionamento.			
--	--	---	--	--	--

BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL

OBX.	CONTIDOS	CA	EA	CC	MINIMOS ESIXIBLES
b f	<p>B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.</p> <p>B5.2 Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo 	<p>B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, sobre a vida cotiá (hábitos, horarios, actividades ou celebracións), condicións de vida (vivenda, contorna), relacións interpersoais (familiares, de</p>	<p>PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.</p>	<p>CCL CAA CSC</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Utiliza a lingua estranxeira para falar de si mesmo, as súas pertencencias, a súa familia, o seu entorno, temas que lle interesan... - Comprende palabras e frases previamente

<p>ou desacordo, o sentimento, a intención.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. <p>B5.3. Estruturas sintácticodiscursivas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and); disxunción (or); oposición (but); causa (because); finalidade (to-infinitive, e. g. I did it to help her); comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest). - Relaciones temporais (when; before; after). <p>Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!). - Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)). - Interrogación (Wh- questions; Aux. questions). - Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will). - Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present 	<p>amizade ou escolares), comportamento (xestos habituais, uso da voz ou contacto físico) e convencións sociais (normas de cortesía), e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha comprensión adecuada do texto.</p> <p>B5.2. Recoñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos, concretos e significativos, e aplicar os coñecementos adquiridos sobre estes a unha produción oral e escrita adecuada ao contexto, respectando as convencións comunicativas máis elementais. B5.3. Distinguir a función ou funcións comunicativas principais do texto (p. e. unha demanda de información, unha orde, ou un</p>	<p>PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).</p> <p>PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega</p>	<p>CCL CAA CSC</p> <p>CCL CD CSC</p>	<p>traballadas na clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Participa activamente en intercambios comunicativos orais. - Colabora activamente nas actividades de grupo. - Esfórzase en usar a lingua estranxeira para establecer relacións persoais e usa as TIC tanto en comunicacións orais como escritas. - Identifica as peculiaridades, costumes e tradicións coñecidas dos países de fala inglesa.
---	---	---	--------------------------------------	--

<p>and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start -ing); terminativo (finish -ing).</p> <ul style="list-style-type: none"> - Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may); necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will). - Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.). - Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough). - Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement). - Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence (first...then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays). 	<p>ofrecemento) e un repertorio limitado dos seus expoñentes máis habituais, así como os patróns discursivos básicos (p. e. inicio e peche conversacional, ou os puntos dunha narración esquemática, inicio e peche dunha carta, ou os puntos dunha descrición esquemática).</p> <p>B5.4. Recoñecer os significados máis comúns asociados ás estruturas sintácticas básicas propias da comunicación oral ou escrita (p. e estrutura interrogativa para demandar información). B5.5. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral ou escrito de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas propias experiencias, necesidades e</p>	<p>a un sitio con axuda dun plano).</p> <p>PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para indicar o que lle doe.</p> <p>PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.</p>	<p>CCL CSC</p> <p>CCL CAA</p>	
--	--	---	-----------------------------------	--

- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.

intereses.
B5.6. Cumprir a función comunicativa principal do texto (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos para inicio e despedida para peche en conversas ou en correspondencia, ou unha narración esquemática desenvolvida en puntos.

B5.7. Cumprir a función comunicativa principal do texto escrito (p. e. unha felicitación, un intercambio de información, ou un ofrecemento), utilizando un repertorio limitado dos seus expoñentes máis

frecuentes e de patróns discursivos básicos (p. e. saúdos).

B5.8. Manexar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e”, entón”, “pero”, “porque”), aínda que se sigan cometendo erros básicos de maneira sistemática en, p. e., tempos verbais ou na concordancia.

B5.9. Coñecer e utilizar un repertorio limitado de léxico, tanto oral como escrito, de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados cos propios intereses, experiencias e necesidades.

B5.10. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou

simuladas en contextos menos dirixidos.

B5.11. Comparar aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas (horarios, hábitos, festividade...).

B5.12. Indagar a realidade plurilingüe e multicultural das familias e da súa contorna, e identificar semellanzas e diferenzas, evitando os estereotipos.

B5.13. Establecer similitudes e diferenzas das linguas que hai na aula ou na súa contorna máis próxima.

		B5.14. Valorar as linguas como un instrumento de comunicación, para aprender e acercarse a outras culturas, que hai diversidade de linguas e mostra respecto por todas.			
--	--	---	--	--	--

Actividades de aprendizaxe asociadas a cada bloque de contido

BLOQUE	Obx.	Contidos	Actividades de aprendizaxe
BLOQUE 1. COMPRESIÓN DE TEXTOS ORAIS	b, f	<p>B1.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos. <p>B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas, tanto nas participacións orais como</p>	<ul style="list-style-type: none"> -Listening. -Xogos de role-play -Descricións, escritos breves... Comprensión lectora. -Dictation. -Reading. -Activity book.

<p>BLOQUE 2. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ORAIS</p>	<p>b, c, i</p>	<p>nas imitacións, recitacións e dramatizacións.</p> <p>B2.1. Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación - Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais e a súa estrutura básica. - Adecuar o texto á persoa destinataria, contexto e canle, aplicando o rexistro e a estrutura de discurso adecuados a cada caso. - Execución - Expresar a mensaxe con claridade, coherencia, estruturándoo adecuadamente e axustándose, se é o caso, aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto. - Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles. - Apoiarse en tirar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.). - Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos, paralingüísticos ou paratextuais. Lingüísticos - Modificar palabras de significado parecido. - Definir ou parafrasear un termo ou expresión. Paralingüísticos e paratextuais - Pedir axuda. - Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado. - Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal, proxémica). - Usar sons extralingüísticos e calidades prosódicas convencionais. <p>B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: interese pola pronuncia coidada, polo ritmo, pola entoación e pola acentuación adecuadas.</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Listening. - Reading. - Dictation. - Traballar cancións, recitados, trabalinguas... - Diálogos. - Dramatizacións. - Exercicios orais: preguntas e contestacións. - Activity book.
---	--------------------	--	--

<p>BLOQUE 3 COMPRESIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p>	<p>b, f</p>	<p>B3.1. Estratexias de comprensión:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilización de información previa sobre tipo de tarefa e tema. - Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión ao mesmo. - Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial, puntos principais). - Formulación de hipótese sobre contido e contexto. - Inferencia e formulación de hipótese sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos. - Reformulación de hipótese a partir da comprensión de novos elementos. <p>B3.2. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal.</p> <p>B3.3. Funcións comunicativas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións. - Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención. - Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes. - Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso. - Establecemento e mantemento da comunicación. <p>B3.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Interese polo lectura dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético, correcta grafía e ortografía. 	<ul style="list-style-type: none"> - Lectura de diferentes tipos de textos próximos á súa realidade. - Manexo de fichas e pósters con “phonics”. - Lectura comprensiva. - Redacción de textos breves e sinxelos. - Dictation. - Activity book.
<p>BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS</p>	<p>b, f, i</p>	<p>B4.1 Estratexias de produción:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Planificación: <p>☞ Mobilizar e coordinar as propias competencias</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Dictation. - Lectura comprensiva. - Redacción de textos breves e sinxelos. - Creación de diferentes tipos de textos con técnicas de escritura creativa e de redacción próximos á súa realidade.

xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa(repasar que se sabe sobre o tema, que se pode ou se quere dicir etc.).

- Localizar e usar adecuadamente recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou gramática, obtención de axuda etc.).

- Execución:

- Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos e fórmulas de cada tipo de texto.

- Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta da tarefa) ou a mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos dispoñibles.

- Apoiarse en e sacar o máximo partido dos coñecementos previos (utilizar linguaxe prefabricada etc.).

B4.2. Patróns gráficos e convencións ortográficas:

- Interese pola presentación dos textos escritos propios e alleos valorando o seu sentido estético e empregando a correcta grafía e ortografía.

- Uso das TIC.
- Activity book.

BLOQUE 5.
COÑECEMENTO
DA LINGUA E
CONSCIENCIA
INTERCULTURAL

b, f

B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:
convencións sociais, normas de cortesía e rexistros; costumes, valores, crenzas e actitudes; linguaxe non verbal, así como a realidade plurilingüe e multicultural da propia contorna.

B5.2 Funcións comunicativas:

- Saúdos e presentacións, desculpas, agradecementos, invitacións.
- Expresión da capacidade, o gusto, a preferencia, a opinión, o acordo ou desacordo, o sentimento, a intención.
- Descrición de persoas, actividades, lugares, obxectos, hábitos, plans. - Narración de feitos pasados remotos e recentes.
- Petición e ofrecemento de axuda, información, instrucións, obxectos, opinión, permiso.
- Establecemento e mantemento da comunicación.

B5.3. Estruturas sintácticodiscursivas:

- Expresión de relacións lóxicas: conxunción (and);

- Elaboración de pósters.
- Xogos de léxico.
- Fichas de traballo.
- Activity book.
- Visualización de dvd's e historias da realidade cultural inglesa (festas, costumes, lugares...)
- Proxectos de traballo sobre a realidade cultural inglesa.

disxunción (or); oposición (but); causa (because);
finalidade (to- infinitive, e. g. I did it to help her);
comparación (as Adj. as; smaller (than); the biggest).

- Relaciones temporais (when; before; after).
- Afirmación (affirmative sentences; Yes (+ tag)).
- Exclamación (What + noun, e. g. What fun!; How + Adj., e. g. How nice!; exclamatory sentences, e. g. I love salgade!).
- Negación (negative sentences with not, never, non (Adj.), nobody, nothing; Non (+ negative tag)).
- Interrogación (Wh- questions; Aux. questions).
- Expresión do tempo: pasado (simple past; present perfect); presente (simple present); futuro (going to; will).
- Expresión do aspecto: puntual (simple tenses); durativo (present and past continuous); habitual (simple tenses (+ Adv., e. g. always, everyday)); incoativo (start -ing); terminativo (finish -ing).
- Expresión da modalidade: factualidade (declarative sentences); capacidade (can); posibilidade (may);

necesidade (must; need); obriga (have (got) to; imperative); permiso (can; may); intención (going to; will).

- Expresión da existencia (there is/are); a entidade (nouns and pronouns, articles, demonstratives); a calidade ((very +) Adj.).
- Expresión da cantidade (singular/plural; cardinal numerals up to four digits; ordinal numerals up to two digits. Quantity: all, many, a lot, some, (a) few, (a) little, more, much, half, a bottle/cup/glass/piece of. Degree: very, too, enough).
- Expresión do espazo (prepositions and adverbs of location, position, distance, motion, direction, origin and arrangement).
- Expresión do tempo (points (e. g. quarter past five); divisions (e. g. half an hour, summer), and indications (e. g. now, tomorrow (morning)) of estafe; duration (e. g. for two days); anteriority (before); posteriority (after); sequence(first...then); simultaneousness (at the same estafe); frequency (e. g. sometimes, on Sundays).

- Expresión do modo (Adv. of manner, e. g. slowly, well).

B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a identificación persoal; vivenda, fogar e contorna; actividades da vida diaria; familia e amizades; traballo e ocupacións; tempo libre, lecer e deporte; viaxes e vacacións; saúde e coidados físicos; educación e estudo; compras e actividades comerciais; alimentación e restauración; transporte; lingua e comunicación; medio ambiente, clima e contorna natural; e tecnoloxías da información e a comunicación.

Instrumentos de avaliación para cada estándar de aprendizaxe

1. Probas escritas e orais.
2. Follas de rexistro individualizadas.
3. Observación sistemática durante e ao final da realización das tarefas (tanto físicas como online). Recolleremos aspectos relevantes que afectan ao desenvolvemento das tarefas. Erros e ruídos frecuentes, grao de adecuación ao traballo colaborativo, resposta ante reforzos positivos, traballo fóra da casa, organización, uso dos contidos, adquisición das competencias.
4. Caderno de clase do alumnado.
5. Fichas de traballo ou produtos elaborados polo alumnado (tanto físicas como online).
6. Activity Book (tanto físico como online).

ÁREA	EA	Instrumento de avaliación (incluíndo o criterio de corrección, si é o caso)
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.1. Comprende o esencial de anuncios publicitarios sobre produtos que lle interesan (xogos, ordenadores, CD etc.).	1 , 2 , 3 , 4 , 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.2. Comprende mensaxes e anuncios públicos que conteñan instrucións, indicacións ou outro tipo de información (por exemplo, números, prezos, horarios, nunha estación ou nuns grandes almacéns).	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.3. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos).	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.4. Identifica o tema dunha conversa cotiá predicible que ten lugar na súa presenza (por exemplo, nunha tenda, nun tren).	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.5. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.6. Comprende as ideas principais de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese (por exemplo, música, deporte etc.), a condición de que conte con imaxes e ilustracións e se fale de maneira lenta e clara.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA	PLEB1.7. Comprende o sentido xeral e o esencial e distingue os cambios de tema de programas de televisión ou doutro material audiovisual e multimedia dentro da súa área de interese (p. e. nos que se entrevista a mozos e mozas ou personaxes coñecidos ou coñecidas sobre temas cotiás (por exemplo, o que lles gusta facer no seu tempo libre) ou nos que se informa sobre actividades de lecer (teatro, cinema, eventos deportivos etc.).	1 , 2 , 3 , 5

PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB2.1. Fai presentacións breves e sinxelas, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas cotiás ou do seu interese (presentarse e presentar a outras persoas; dar información básica sobre si mesmo, a súa familia e a súa clase; indicar as súas afeccións e intereses e as principais actividades do seu día a día; describir brevemente e de maneira sinxela a súa habitación, o seu menú preferido, o aspecto exterior dunha persoa, ou un obxecto; presentar un tema que lle interese (o seu grupo de música preferido); dicir o que lle gusta e non lle gusta e dar a súa opinión) usando estruturas sinxelas e cunha pronuncia e entoación comprensible.	1 , 2 , 3 , 4 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB3.1. Comprende instrucións, indicacións, e información básica en notas, letreiros e carteis en rúas, tendas, medios de transporte, cinemas, museos, colexios, e outros servizos e lugares públicos.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB3.2. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos, listas de prezos, anuncios, guías telefónicas, publicidade, folletos turísticos, programas culturais ou de eventos etc.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB3.3. Comprende correspondencia (SMS, correos electrónicos, postais e tarxetas) breve e sinxela que trate sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou un lugar, a indicación da hora e o lugar dunha cita etc.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB3.4. Comprende o esencial e os puntos principais de noticias breves e artigos de revistas para mozas e mozos que traten temas que lle sexan familiares ou sexan do seu interese (deportes, grupos musicais, xogos de ordenador).	1 , 2 , 3 , 5
		PLEB3.5. Comprende o esencial de historias breves e ben estruturadas e identifica os e as personaxes principais, a condición de que a imaxe e a acción conduzan gran	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6

PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	parte do argumento (lecturas adaptadas, cómics etc.).	
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB3.6. Emprega de forma axeitada os signos ortográficos básicos (p. e. punto, coma), así como símbolos de uso frecuente (p. e. ☺, @, £).	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB4.1. Completa un breve formulario ou unha ficha cos seus datos persoais (por exemplo, para rexistrarse nas redes sociais, para abrir unha conta de correo electrónico etc.).	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB4.2. Escribe correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos, chats ou SMS) na que dá as grazas, felicita a alguén, fai unha invitación, dá instrucións, ou fala de si mesmo/a e da súa contorna inmediata (familia, amigos e amigas, afeccións, actividades cotiás, obxectos e lugares) e fai preguntas relativas a estes temas.	1 , 2 , 3 , 4 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB5.1. Entende a información esencial en conversas breves e sinxelas nas que participa que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un mesmo, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición dun obxecto ou dun lugar.	1 , 2 , 3 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB5.2. Desenvólvese en transaccións cotiás (p. e. pedir nunha tenda un produto e preguntar o prezo).	2 , 3 , 5
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB5.3. Participa en conversas cara a cara ou por medios técnicos (teléfono, Skype) nas que se establece contacto social (dar as grazas, saudar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, interesarse polo estado de alguén, felicitar a alguén), se intercambia información persoal e sobre asuntos cotiás, se expresan sentimentos, se ofrece algo a alguén, se pide prestado algo, queda con amigos e amigas ou se dan instrucións (p. e. como se chega a un sitio con axuda dun plano).	2 , 3 , 5
PRIMEIRA	LINGUA	PLEB5.4. Participa nunha entrevista, p. e. médica nomeando partes do corpo para	1 , 2 , 3 , 5

ESTRANXEIRA		indicar o que lle doe.	
PRIMEIRA ESTRANXEIRA	LINGUA	PLEB5.5. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas.	1 , 2 , 3 , 4 , 5 , 6

Temporalización

1º Trimestre: starter unit, unit 1 e unit 2. Festivals: Halloween, Christmas.

2º Trimestre: unit 3 e unit 4. Festivals: Peace Day, Carnival e Easter.

3º Trimestre: unit 5 e unit 6.

5. Concrecións metodolóxicas

Combinaremos un conxunto de estratexias, procedementos e accións organizadas e planificadas (consciente e reflexiva) coa finalidade de posibilitar a aprendizaxe do alumnado e o logro dos obxectivos suscitados dun xeito motivador e establecendo un clima de confianza:

-Segundo o protagonismo combinaremos unha metodoloxía expositiva (o profesorado é o protagonista da exposición en determinados momentos da elaboración das diferentes aprendizaxes), participativa, cooperativa (con dinámicas de aprendizaxe cooperativa entre o alumnado) e individual (enfrentamento á resolución de tarefas para ver coñecementos previos e/ou adquiridos).

-Organizaremos os diferentes momentos de aprendizaxe en: grupos fixos por veces e flexibles outras, traballo por parellas e individual.

-A secuenciación do traballo organizarémola en unidades didácticas que levarán un proxecto con varias tarefas que terán actividades e exercicios. Os contidos dos proxectos responderán ás unidades marcadas polo libro de texto mais orientarémolas cara a proxectos de traballo, investigación, creación de producións orais e escritas... que dean resposta á dimensión comunicativa da lingua.

-Nas unidades traballaremos talleres para as producións orais e escritas e ás veces dividiremos a aulas ou os espazos de traballo en rincóns (diferentes lugares de traballo).

-O espazo será variado segundo a unidade mais traballaremos (sempre que sexa posible segundo a evolución dos acontecementos): na aula específica de inglés, porque dispoñemos de pantalla dixital (rincóns de traballo, obradoiros, agrupamentos diversos (mesas individuais, parellas, grupos, en forma de U), na aula TIC; na biblioteca, nos corredores do centro e no patio da escola.

-Os recursos cos que contaremos serán variados: libros de textos e cadernos de traballo (editorial Oxford), material complementario para o método de Oxford, fichas de elaboración propia do profesorado, folletos, mini-books elaborados polo alumnado, libros e revistas, fichas doutros libros de texto para o mesmo nivel educativo.

-Dinámicas de xogo que se agruparán ao longo do curso nos rincóns e na elaboración de xogos propios.

-Enfoque comunicativo e tratamento globalizado das actividades e destrezas lingüísticas facendo especial fincapé na oralidade, iniciación a o procesamento semántico e sintáctico da lingua e na consciencia intercultural.

-Uso contextualizado da lingua en situacións comunicativas que lle son próximas nas que usemos a lingua en situacións reais e motivadoras para o alumnado.

6. *Materiais e recursos didácticos*

- All About Us 6 - Oxford University Press

Guía Didáctica, Class Book, Activity Book, Progress Booklet Book, Pupil's MultiRom, CD, Teacher's Resource Pack and CD-ROM, Caderno de avaliación, DVD.

- iPack, con material para a presentación e práctica nos taboleiros interactivos.
- Recursos na web Oxford Online Learning Zone con práctica interactiva, para ser utilizados na casa ou na aula.
- Material elaborado pola mestra (tanto físico como online).
- Material TIC diverso (cancións, vídeos, actividades ou xogos).

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Empregaremos procedementos de avaliación variados e incorporaremos estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación.

Os distintos procedementos de avaliación utilizables son: a observación sistemática do traballo dos alumnado, as probas orais e escritas, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase que nos permitirán a integración de todas as competencias nun marco de avaliación coherente.

- * Observación sistemática das actividades, participación, cooperación e actitude do alumnado.
- * Revisión dos traballos, cadernos de clase, fichas de exercicios, lecturas, produtos finais dos proxectos ou tarefas.
- * Diálogos e entrevistas para coñecementos e seguimento dos avances na aprendizaxe dos contidos das diferentes unidades.
- * Autoavaliación do alumnado nas actividades do caderno e exercicios da pizarra.
- * Actividades para control ou avaliación final da unidade centradas nos criterios de avaliación.

Criterios de cualificación

Levarase a cabo unha avaliación inicial, continua e sumativa.

A cualificación do alumno/a nos diferentes trimestres virá derivada da aplicación dos seguintes criterios:

- Activity Book, caderno e fichas escritas (físicas e online): 25%
- Presentacións orais, diálogos e outros traballos: 25%
- Proba escrita e oral: 25%
- Participación e comportamento (físicamente ou online): 25%

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN	INSTRUMENTOS UTILIZADOS	%
----------------------------	-------------------------	---

Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvolvidas.	Realización de probas escritas avisadas con tempo e realizadas con certa periodicidade	25,00%
Realización do traballo na aula: Realización adecuada do traballo Organización dos materiais. Presentación do caderno.	Caderno. Activity book (físico ou online) Rexistro de actividades de clase (física ou online) Corrección de actividades (físicas e online) Organización dos materiais	25,00%
Realización do traballo na casa: deberes, traballos específicos e traballos voluntarios.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de entrega de deberes en tempo (físicos e online) • Realización de traballos voluntarios (recensión libros lidos, participación xogos de lóxica, producións persoais...) 	25,00%
Valoración da actitude na aula: <ul style="list-style-type: none"> • Interese • Escoita • Participación • Esfuerzo 	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de participación (física e online) • Rexistro de actividade na aula (física e virtual). 	25,00%

Actividades de recuperación e reforzo para lograr a recuperación.

Planificaremos actividades adicionais para o alumnado que non consiga os obxectivos mínimos e o desenvolvemento das competencias para conseguir a recuperación.

As actividades planificarémolos en base ás carencias detectadas e para iso usaremos fichas de traballo.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente

AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO

INDICADORES	ESCALA			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

AUTOAVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

INDICADORES	Escala		
	1	2	3
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.			
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.			
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.			
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.			
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.			
6. Combínase o traballo individual e en equipo.			
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.			
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.			
9. Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.			
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.			
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.			
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.			
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.			
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.			
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.			
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.			
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...			

9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais e colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

As primeiras semanas do curso revisaremos o coñecemento dos contidos de cursos anteriores e daremos a coñecer os personaxes que nos van acompañar ao longo do curso. Tamén faremos diferentes interaccións orais para así coñecer o nivel de coñecemento da lingua por parte do alumnado.

10. Medidas de atención á diversidade.

No Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, incídese na necesidade de non só considerar as diferenzas daqueles/as alumnos/as que requiren dunha atención máis específica e concreta, senón tamén as do resto do alumnado que compón a clase. A totalidade do alumnado contribúe dunha maneira ou doutra a aumentar a diversidade da aula e polo tanto a enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe.

É por isto que esta atención á diversidade será ao longo do curso e con especial atención despois de realizar a avaliación inicial do grupo e de cada trimestre. Estarei en contacto co departamento de orientación e coa titora do grupo de maneira permanente, coa intención de atender calquera necesidade que se presente.

11. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso

Elemento transversal / Materias	Valores	Naturais	Sociais	Lingua	Lengua	Matemáticas
Coprensión lectora	x	x	x	x	x	x
Expresión oral e escrita	x	x	x	x	x	x

Comunicación audiovisual		x	x	x	x	
Tecnoloxías da información e comunicación	x	x	x	x	x	x
Emprendemento	x	x	x	x	x	x
Educación cívica e constitucional	x	x	x	x	x	
Calidade, equidade e inclusión educativa	x	x	x	x	x	x
Valores:						
Desenvolvemento sostible e o medio ambiente	x	x	x	x	x	
Prevenção do mal uso das TIC	x	x	x	x	x	x
Actividade física e dieta equilibrada	x	x	x			
Traballo en equipo, autonomía e confianza en un mesmo e sentido crítico	x	x	x	x	x	x
Educación e seguridade vial	x	x	x			

12. Actividades extraescolares e complementarias

Participarase nas actividades que organice o centro.

13. Aplicacións dos plans e proxectos do centro

Accións de educación en valores e de contribución ao plan de convivencia

Baseámonos no plan de convivencia do centro para establecer as distintas accións que se levaran a cabo durante o presente curso. A continuación faremos un resumo referente ás mesmas:

- Cumprir as normas de convivencia do centro, aula, ximnasio, pistas polideportivas, biblioteca, sala de informática e música.
- Comportarse de forma axeitada durante os recreos respectando os espazos onde se leven a cabo estes (patios, sala de usos múltiples, recuncho dos xogos...) e cambios de clases.
- Resolver os conflitos de xeito pacífico por medio do diálogo.
- Asistir a clase con puntualidade xustificando as faltas de asistencia.
- Respectar o mobiliario os materiais e as instalacións do centro
- Respectar ao profesor e aos compañeiros e as normas sanitarias impostas pola situación actual.
- Non estragar nin desaproveitar os recursos enerxéticos.

Accións de contribución ao Plan TIC do centro

Manexo do procesador de textos e de todas as potencialidades para a comunicación escrita, uso do cd-rom interactivo e outro material online do proxecto e uso da aula virtual.

Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro

Ao longo deste curso na nosa materia prestaráselle unha grande importancia á comprensión oral, polo que se intentará favorecer o desenvolvemento de actitudes favorables á mesma; así como a escritura, potenciando unha actitude positiva como medio para a aprendizaxe, fonte de pracer e recurso para o desenvolvemento persoal. Utilizaremos tanto a biblioteca da aula de inglés, como a biblioteca do centro.

Accións de contribución ao Proxecto anual do centro

Este ano no centro realizarase un proxecto relacionado con Xulio Verne e tres das súas obras: “Viaxe ao centro da Terra”, “Vinte mil leguas de viaxe submarina” e “Da Terra á Lúa”, e dende a área de inglés participarase e colaborarase na medida do posible e en todo o que se requira polas titoras. Así mesmo dende a aula de inglés terase en conta o proxecto á hora de realizar diferentes actividades de aula.

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Para avaliar os procesos de ensinanza, é necesario o deseño duns indicadores de logro. Desta maneira, e tendo en conta tamén a avaliación do alumnado, poderei avaliar o meu propio traballo como mestre, identificando o que funciona ben e o que funciona mal, e elaborando plans de mellora que poida aplicar durante o mesmo curso. Estes indicadores de logro son os seguintes:

- A coordinación co resto do profesorado é a adecuada, ofrecendo estratexias metodolóxicas e didácticas consensuadas.
- Levo a cabo metodoloxías activas e contextualizadas que contribúen á adquisición das competencias clave por parte do alumnado e promoven a súa inclusión mediante o traballo en equipo.
- Teño en conta a experiencia persoal do alumnado e plantexo situacións ou problemáticas habituais do seu contorno inmediato.
- As actividades plantexadas son significativas para o alumnado e promoven a súa participación.
- Incorporo a utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación de maneira efectiva no proceso de aprendizaxe.
- Deseño diferentes tipos de materiais didácticos adaptados aos diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe, atendendo así á diversidade.
- A organización do espazo no que se desenvolven as actividades é axeitada.
- Teño en conta a coherencia entre os distintos niveis da etapa.
- Presto os adecuados asesoramentos e apoios para o alumnado con NEAE.

- Levo a cabo actividades que fomentan a interacción entre o alumnado e o traballo cooperativo.

Neste caso, o instrumento que utilizarei para a avaliación da miña práctica docente serán o diario de aula (no que irei recollendo todas as observacións relacionadas cos indicadores de logro citados anteriormente). A partir do escrito no diario de aula, anotarei todos aqueles aspectos a mellorar. Tamén farei unha análise de cada sesión ao inicio e ao final, de forma que poida comparar o pensado co realmente realizado e así poder mellorar os aspectos necesarios co fin de realizar un bo traballo cada día e aprender dos posibles erros de plantexamento.

15. Medidas excepcionais

Debido á situación sanitaria actual, este curso deberanse tomar unha serie de medidas excepcionais para así podernos adaptar a diferentes circunstancias.

O primeiro será ter en conta o nivel do alumnado de forma individual. Para isto realizarase á principio de curso, como cada ano, a avaliación inicial e un plan de reforzo, segundo a circunstancia individual de cada neno ou nena. Ao longo do primeiro trimestre repasaranse contidos do curso anterior e reforzaranse aqueles que sexan necesarios. Reforzaranse as aprendizaxes adquiridas e impartiranse as que puideran ter quedado sen adquirir do curso anterior, atendendo á individualidade e circunstancias de cada alumno e alumna. Tamén se traballarán as Tics para ensinalle ao alumnado o uso das ferramentas ao seu alcance. Estas son a aula virtual do centro e os recursos online que nos ofrece o libro de texto para así, en caso de ter que realizar algunha corentena ou non poder asistir ao centro, poderase seguir o curso lectivo. Deberemos ter en conta as circunstancias de cada familia e a realidade territorial, xa que a cobertura non é boa nesta zona e non sempre é doado conectarse a internet. Por este motivo o alumnado disporá dos libros de texto tanto físicos como online para adecuarnos mellor a cada circunstancia individual. En caso de ser necesario, a avaliación realizarase a distancia tendo en conta o traballo e interese do alumno ou alumna e a realización de actividades e tarefas específicas para este propósito.

As canles que empregaremos para a comunicación serán abalar e o email e tamén empregaremos a aula virtual e os recursos do libro para o seguimento das clases. Como medida excepcional o centro decidiu que o alumnado terá os libros de texto na casa para así, en caso de

necesitalos, que non sexa un problema telos no centro. Tamén evitamos ter máis materiais na aula, como medida de precaución ante un posible contaxio

Este curso escolar, a actividade lectiva será levada a cabo na aula específica de Inglés nos cursos de Primaria e nas aulas ordinarias no caso de Infantil, para evitar así desprazamentos innecesarios.